

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: C.E.I.P. A SOLAINA-NARÓN

CURSO: 2019-20

MATERIA: Educación Física.

DEPARTAMENTO:

DATA: 26 Maio 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Recoñecer desde a perspectiva de participante as posibles situacións conflitivas xurdidas nos xogos aceptando as opinións dos e das demais	EFB1 1.1. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable. 1º, 2º e 3º trimestres. EFB1 1.2. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen nos xogos. 1º, 2º e 3º trimestres.
B1.2. Buscar de maneira guiada información utilizando fontes de información e facendo uso das TIC.	EFB1 2.1. Utiliza de maneira guiada as novas tecnoloxías para buscar información. 2º trimestre EFB1.2.2. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita. 3º trimestre
B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas.	EFB1 3.1. Participa activamente nas actividades propostas. 1º, 2º, 3º trimestres. EFB1 3.2. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores. 1º, 2º, 3º trimestres. EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo. 1º, 2º, 3º trimestres. EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases. 1º, 2º, 3º trimestres. EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda. 1º, 2º, 3º trimestres. EFB1.3.6. Recoñece e respecta as normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais. 1º, 2º, 3º trimestres.
B2.1. Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais.	EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais entre os nenos e nenas da clase. 1º, 2º, 3º trimestres.
B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para realizar movementos axeitados ás situacións motrices que se lle presentan.	EFB2.2.1. Coñece e identifica as partes do corpo propias. 1º, 2º trimestres.
B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais.	EFB3.1.4. Equilibrar o corpo en distintas posturas intentando controlar a tensión, a relaxación e a respiración. 3º trimestre.
B4.1 Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións	EFB4.1.1. Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade. 2º, 3º trimestres.
B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar.	EFB5.1.1. Intenta cumprir as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía. 1º, 2º, 3º trimestres. EFB5.1.2. Interésase por mellorar as capacidades físicas. 1º, 2º, 3º trimestres. EFB5.1.3. Inicia a incorporación como axente de saúde da actividade física á súa rutina diaria. 1º, 2º, 3º trimestres.
B5.2. Recoñecer a importancia das medidas de seguridade na práctica da actividade física.	EFB5.2.1. Identifica os riscos individuais e colectivos daquelas actividades físicas que vai coñecendo e practicando. 1º, 2º, 3º trimestres.
B6.1. Recoñecer tácticas elementais dos xogos aplicando as regras en situación de cooperación e de oposición.	EFB6.1.1. Iníciase no uso de tácticas elementais dos xogos. 1º, 2º trimestres. EFB6.1.2. Utiliza as regras dos xogos en situación de cooperación e oposición. 1º, 2º, 3º trimestres.
B6.2. Recoñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas en especial as de Galicia.	EFB6.2.1. Practica xogos libres e xogos organizados. 2º trimestre. EFB6.2.2. Recoñece xogos tradicionais de Galicia. 3º trimestre.
B6.3. Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre.	EFB6.3.1. Realiza actividades no medio natural. 3º trimestre.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Avaliación continua das aprendizaxes, segundo os criterios de progreso e mellora dos estándares establecidos na programación didáctica da área.</p>
	<p>Instrumentos: Fichas de observación e seguimento. Cuestionarios e probas. Temas monográficos.</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: AVALIACIÓN CONTINUA: A cualificación final corresponde coa da 2ª avaliación e as tarefas entregadas no 3º trimestre do curso (1 punto).</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Non hai proba extraordinaria en educación primaria.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: Non hai alumnado coa materia pendente.</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Repaso dos temas realizados nos dous trimestres anteriores. Reforzo con novas actividades sobre os contidos que xa teñen estudado. Ampliación de algunhas actividades de este curso, e si non fose posible, quedarán para o vindeiro curso.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Descubrimento guiado. Resolución de problemas. Traballo por retos e de investigación.
Materiais e recursos	Fichas informativas, cuestionarios, xogos educativos, documentación na rede...

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Plataforma Abalar , Aula virtual e Correo electrónico corporativo.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.